



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago acolle de novo BIOINTEGRASAUDE o encontro anual dos institutos de investigación galegos

Hai máis de trescentos inscritos

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2019.- Máis de trescentos investigadores dos tres institutos sanitarios galegos acudiron hoxe á Santiago á súa cita anual para intercambiar coñecementos e presentar investigacións en curso. Ao acto de inauguración acudiron o conselleiro de Sanidade, Jesús Vazquez Almuiña, o reitor da USC Antonio López; Eloína Núñez, xerente da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, Julián Alvarez, decano da Facultade de Medicina e José Castillo, director científico do **IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela)**.

Presentáronse 131 comunicacións, delas 87 de grupos do **IDIS**, 30 do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña e 13 do Instituto de investigación Sanitaria Galicia Sur. Esta tarde premiaranse os 3 mellores *posters*.

Coa celebración desta xornada búscase crear sinerxias e compartir experiencias entre os investigadores dos tres institutos, que manteñen un crecemento constante e mesmo teñen acadado un oco no ámbito da investigación sanitaria nacional. Así os investigadores do **IDIS** seguen a medrar a captación de fondos nos últimos anos, un 355% e supera xa os 1.000 profesionais que desenvolven tarefas de investigación (pasando de 319 no 2010 cando se acreditou a 1.071 na actualidade). O pasado ano iniciaron 65 proxectos de investigación, dos que 7 son internacionais e 46 nacionais. Na actualidade están en activo case trescentos ensaios clínicos e estudos observacionais.

Sobre o IDIS

O Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (**idis**) é un centro de investigación traslacional, de innovación e transferencia de coñecemento que favorece as sinerxias entre a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago, e ao que están vinculados 80 grupos e máis de 1.000 investigadores.

Naceu en 2008 para poñer en valor o coñecemento aplicado e situou a Galicia como referente internacional no eido da biomedicina e foi o primeiro centro galego acreditado polo Instituto de Salud Carlos III en 2010.

Saúdos

prensa.santiago@sergas.es

tfno. 981 950023 // 629 25 37 54